

Creando empresas saudables



Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Estilo de Liderado II

Causas:

1. Non adaptar o estilo e as formas de liderado á situación presente.
2. Vivir na soidade do líder, como único responsable e por tanto única autoridade.
3. Ausencia de defensa ante outros do propio equipo de traballo.

Consecuencias:

1. Procura de saídas para realizar o traballo.
2. Desmotivación dos equipos de traballo.
3. Redución do rendemento.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Avaliar o estilo de liderado exercido para adaptalo á situación do momento presente.
2. Comunicar adecuadamente os proxectos e tarefas encomendadas ao equipo para implicalo activamente na consecución dos obxectivos.
3. Sentir a unión co equipo para mellorar o traballo colaborativo.
4. Defender ao equipo con racionalidade ante os demais, con sentimento de ser un integrante máis.
5. Valorar o traballo do equipo e recoñecer o esforzo realizado.